

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DA POLICÍA LOCAL E XULGADO DE PAZ. O-6/2024

EXPEDIENTE: 2024/G003/001178

Visto o Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Teo para a execución da obra de Mellora da eficiencia enerxética do edificio da Policía Local e Xulgado de Paz, asinado o 23 de agosto de 2024 pola que se concede unha subvención para esta obra de 80.000,00 €.

Incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de existencia de crédito de data 26 de agosto de 2024.
- Acta de reformulo previo de data de data 28 de agosto de 2023.
- Informe técnico de contratación de data de data 31 de xullo e 26 de agosto de 2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado sumario (mediante a aplicación de fórmulas), de data 12 de setembro de 2024.
- Informe da adxunta a secretaría de data 12 de setembro de 2024.
- Informe de fiscalización de Intervención de data 13 de setembro de 2024.

Vistos os artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, en relación ca delegación de competencias realizada por Decreto da Alcaldía de 27 de xuño de 2023, res. 783/2023,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación para a execución das obras previstas no proxecto denominado MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO DA POLICÍA LOCAL E XULGADO DE PAZ. O-6/2024, mediante procedemento aberto simplificado sumario, tramitación urxente, con aplicación de fórmulas.

Segundo.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, cos seus anexos, de data 12 de setembro de 2024, que rexerán a contratación.

Terceiro.- Aprobar, pola contía de 100.000,00 € (82.644,63 €+17.355,37 € IVE), o gasto que representa a dita contratación, con cargo á partida orzamentaria 132/622.00 do estado de gastos do orzamento municipal.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación, publicando o anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación (Plataforma de Contratación do Sector Público), para que os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes, durante o prazo de 20 días naturais desde a citada publicación.

Quinto.- Determinar a composición da mesa de contratación, para a apertura de proposicións, e que estará integrada polos membros que se indican a continuación:

Presidente: Juan Jesús Cerqueiro Pintos, concelleiro delegado de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais.

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora xeral do concello.
- Ignacio Soto González, arquitecto municipal.
- D. Eloi Devesa Puente, concelleiro do grupo municipal do BNG.

Secretaria:

Mª Elena Sueiro Fernández, adxunta a secretaria xeral do concello.

Suplentes: Os membros da mesa de contratación poderán ser substituídos por causa xustificada. A estes efectos o presidente será substituído pola concelleira Margarita Rosende Domínguez, a secretaria e a interventora serán substituídas polo/a funcionario/a que legalmente as supla, o arquitecto municipal polo arquitecto técnico municipal don Luís Javier Castro Martínez, e o concelleiro Eloi Devesa Puente pola



concelleira Noelia Castaño Gosende.. A secretaria da mesa será substituída por un/unha funcionario/a municipal.

Sexto.- Publicar o presente acordo no perfil do contratante de acordo co disposto no artigo 117 da LCSP.

Sétimo.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado, polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa
Lucía Calvo de la Uz

A secretaria Xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz